

A SEMÁNTICA



As linguas son sistemas de signos. Os **signos lingüísticos**, defínense como entidades nas que se asocia un **significante** (a imaxe acústica do que pronunciamos) e un **significado** (o contido que pretendemos comunicar). Esa asociación ten como referentes os obxectos, os seres, as accións ou as ideas das que falamos.

O estudo das relacións que se establecen entre eses elementos (significante, significado e referente) é o obxecto da **Semántica**, que pode ser enfocada desde dúas perspectivas: a **filosófica** ou lóxica, que se centra no proceso da significación, e a **lingüística**, que estuda os trazos ou elementos do significado e a maneira de relacionárense no sistema dunha lingua concreta, usando métodos estritamente lingüísticos.

A **Semántica Lingüística** ten dous ámbitos de estudo:

A **Semántica Lexical**, que consiste no estudo do significado dos lexemas e as relacións que entre eles se establecen para conformaren os campos lexicais.

A **Semántica Gramatical**, que estuda o significado dos morfe-
mas gramaticais, das categorías gramaticais (verbo,
substantivo, adxectivo..), dos esquemas sintácticos etc.

SIGNIFICADO, CONNOTACIÓN E DENOTACIÓN.

No significado dun signo lingüístico distinguimos dous elementos conformadores: a **denotación** ou **significado denotativo** e a **connotación**, ou **significado connotativo**.

A **denotación** é o resultado da relación existente entre a palabra e o concepto mental ao que se asocia. Denotación é o significado dunha palabra illada do contexto. É o que aparece definido nos dicionarios. Pola contra a **connotación** resulta de engadir ao significado base outros significados adicionais derivados do seu uso nunha determinada sociedade, cunhas determinadas estruturas socioculturais. Estes significados adicionais consisten nas impresións, nos valores afectivos e sociais, negativos ou positivos, nas reaccións psíquicas que un determinado signo evoca. O significado connotativo varía segundo as culturas, os grupos sociais e as épocas; varía tamén segundo a experiencia, a sensibilidade, a cultura e os hábitos de cada falante e oínte.

Os significados connotativos poden ser:

- Sociais ou compartidos por todos os falantes.
- Individuais, relacionados coas vivencias de cada falante.

Nos textos literarios e publicitarios abundan máis as palabras que poden evocar distintas sensacións que nos textos científicos e técnicos. . Os textos técnicos son máis obxectivos e neles o significado relevante das palabras é o denotativo e os literarios máis subxectivos.

O LEXEMA

A palabra é a noción básica para a descrición dunha lingua. En canto ao significado separamos as palabras en dous grandes grupos:

1. Aquelas que teñen unha significación obxectiva, que posúen un referente extralingüístico. Pertencen a este grupo os substantivos, adxectivos, verbos e adverbios. Estas palabras teñen significado léxico e reciben o nome de **lexemas**. Ex : casa, bondade, vender...

2. Aquelas que só teñen significación gramatical. Por exemplo, o artigo “o” é actualizador, masculino e singular: todos estes son significados gramaticais, non extralingüísticos. Estas palabras denomínanse **categoremas** e non son obxecto de estudo da Semántica Lexical.

As palabras con significado léxico forman un conxunto aberto xa que co paso do tempo hai palabras que caen en desuso e pola contra outras novas van aparecendo. O conxunto destas palabras constitúe o **léxico** dunha lingua. O significado dos lexemas pódese analizar en elementos significativos mínimos chamados **trazos semánticos**, **trazos sémicos** ou **semas**. Esta análise permite contrastar o significado das palabras pois unhas opóñense a outras pola presenza duns semas e a ausencia doutros

CAMPO LEXICAL OU CAMPO SEMÁNTICO

Conxunto de palabras da mesma categoría gramatical que coinciden nun trazo significativo e se opoñen entre si pola presenza ou ausencia doutros trazos. Cada termo oponse aos demais do mesmo campo; a súa significación delimitase coa das demais palabras do seu mesmo nivel.

Exemplo de campo lexical: ‘asento’

Arquilexema: asento		s1	s2	s3	s4	s5	s6	s7
Lexemas: cadeira, banco,								
cadeira		+	+	+	–	+	+	–
banqueta, sofá, poltrona,								
escano, tallo								
banco		+	(+)	–	–	+	+	–
Semas:								
banqueta		+	–	+	–	+	+	–
s1: ‘obxecto construído								
para se sentar a xente’	sofá	+	+	–	+	+	–	–
s2: ‘con respaldo’								
poltrona		+	+	+	+	+	–	+
s3: ‘para unha persoa’								
s4: ‘con brazos’								
escano		+	+	–	–	+	+	–
s5: ‘con patas’								
tallo		+	–	–	–	+	+	+

AS RELACIÓNS SEMÁNTICAS

O carácter estruturado do léxico baséase na posibilidade de establecer unha serie de relacións entre unidades léxicas. Esas relacións poden darse entre o significado de distintos lexemas ou ben entre o significante e o significado. Entre as primeiras están as relacións de **oposición** e as de **inclusión** de significado; nas relacións entre significante e significado inclúense a **sinonimia** e a **polisemia**.

RELACIÓNS DE SIGNIFICADO

1. Relacións de oposición

Os termos que presentan significados opostos clasifícanse en **tres tipos principais**:

- *complementarios*: inclúense neste tipo aqueles opostos nos que a afirmación dun dos elementos implica a negación do outro e á inversa

EX: *macho / femia; falar / calar; ausente / presente, vivo / morto...*

- *graduais ou antónimos*: estes lexemas caracterízanse por posuíren o mesmo trazo semántico, mais en diferente grao. A afirmación do primeiro implica a negación do segundo, mais non á inversa.

EX: *grande / pequeno; vello / novo; alto / baixo; fermoso / feo; frío / quente...*

- *Inversos ou recíprocos*. Son termos que se esixen mutuamente.

EX: *tío, -a / sobriño, -a, marido / esposa, alumno, -a / profesor, -a, vítima / verdugo, -a, comprar / vender.*

2. Relacións de inclusión

Son as relacións que se producen polo feito de o significado dun lexema estar incluído no significado doutro. Debido a ese feito, pódese falar dunha estruturación xerárquica do vocabulario.

As relacións de inclusión son a **hiponimia**, a **hiperonimia**, a **cohiponimia** e a **meronimia**. As tres primeiras son diferentes perspectivas dun mesmo fenómeno de relación xerárquica entre lexemas.

- A **hiponimia** é a relación entre un lexema máis específico (o hipónimo) e outro máis xeral. Todos os trazos significativos do termo máis xeral están contidos no hipónimo

EX: linguado con respecto a peixe é o hipónimo

- A **hiperonimia** é a relación inversa á hiponimia, é dicir, a que se dá entre un lexema máis xeral (hiperónimo) e outro máis específico (hipónimo):
- A **cohiponimia**: É a relación existente entre hipónimos dun mesmo hiperónimo.
- A **meronimia** é a relación existente entre a parte e o todo.

EX: *brazo* non é unha clase de *corpo*, senón unha parte do *corpo*.

RELACIÓNS ENTRE SIGNIFICANTE E SIGNIFICADO

Ademais das anteriores hai outro tipo de relacións semánticas: sonas que afectan ás dúas caras dun signo lingüístico, que son o significante e o significado. A relación entre eses dous elementos non é biunívoca. A un único significante poden corresponder varios significados (**polisemia**); un significado pode estar expresado por máis dun significante (**sinonimia**); dúas palabras distintas, con distintos significados, poden ter significantes idénticos (**homonimia**). En sentido estrito, a homonimia non é unha relación semántica, mais tratarémola conxuntamente pola proximidade que presenta con respecto á polisemia.

SINONIMIA

Denomínase sinonimia a relación entre lexemas consistente en que a un só significado correspondan dous ou máis significantes. En sentido estrito,

para que se produza sinonimia os termos deben pertencer á mesma lingua funcional, é dicir, á mesma variante diatópica, diastrática e diafásica

Segundo os sinónimos sexan intercambiables ou non en calquera contexto distinguimos entre **sinonimia absoluta** e **parcial**.

- **Sinonimia absoluta:** dáse cando os sinónimos son intercambiables en calquera contexto. Na práctica os sinónimos absolutos son pouco frecuentes; mesmo hai lingüistas que negan a súa existencia. Son exemplos de sinónimos absolutos *fonendoscopio* e *estetoscopio*, *beizo* e *labio*, *bico* e *beixo* etc.
- **Sinonimia parcial:** dáse cando os sinónimos son intercambiables só en determinados contextos. Son sinónimos os verbos *mirar*, *observar*, *ollar*, *fitar*, *albiscar*, *enxergar*, *contemplar* ou *divisar*, mais non todos son intercambiables en calquera contexto

POLISEMIA E HOMONIMIA

Chámase **polisemia** a relación semántica consistente en que a un único significante lle correspondan dous ou máis significados.

A **homonimia** consiste en que dúas palabras distintas, con distintos significados, coinciden no significante.

A polisemia explícase porque frecuentemente os significantes van adquirindo ao longo da historia novos significados sen perderen os antigos. A homonimia prodúcese porque a evolución fonética fixo coincidir na súa forma dous significantes orixinariamente diferentes.

Para diferenciar a polisemia da homonimia recórrase habitualmente á explicación diacrónica: cando o significante con varios significados procede dun só étimo trátase de polisemia; cando procede de étimos diferentes trátase de homonimia. Nos dicionarios os casos de polisemia recóllense como unha única entrada con varias acepcións, mentres que os casos de homonimia recóllense como entradas distintas, normalmente numeradas.

Podemos clasificar os **homónimos** atendendo a dous aspectos:

- Tendo en conta a **morfoloxía**, os homónimos poden ser:
 - **Absolutos**: cando coinciden fonética e morfoloxicamente:
pita (galiña) / *pita* (planta e fío feito coa fibra da mesma)
 - **Parciais**: cando só coinciden foneticamente, presentando diferente clasificación morfolóxica:
paro (situación de falta de traballo) / *paro* (do verbo “parar”)
- Atendendo á **grafía**, distinguimos:
 - **Homófonos**: cando coinciden na fonética mais non na grafía:
baca / *vaca*
 - **Homógrafos**: cando coinciden na grafía:
don (regalo) / *don* (tratamento)

CAMBIO SEMÁNTICO

Do mesmo xeito que as sociedades se van transformando ao longo da historia, tamén vai mudando o significado das palabras que esas sociedades usan.

Os cambios de significado poden producirse por múltiples causas...

- *Causas lingüísticas*

Unha palabra que se asocia frecuentemente a outra pode acabar con-taxiándose do significado desta e mudando o seu significado orixinal. O adxectivo *puro* ‘limpo, sen impurezas’, transfórmase en substantivo e adquire o valor de ‘rolo de follas de tabaco preparado para fumar’ a partir do seu uso no sintagma *cigarro puro*

- *Causas históricas*

As linguas evolucionan de xeito paralelo a como o fan as sociedades que as falan. Cando nunha sociedade se coñece un novo produto ou concepto introdúcese habitualmente un préstamo para designalo. Mais ás veces en lugar dese termo estranxeiro adáptase outro xa existente na lingua dándolle un novo significado. Así

mudaron o seu valor palabras como *millo* que orixinariamente designaba un cereal de grao miúdo cultiva do en Europa desde época prehistórica e que posteriormente pasou a aplicarse ao novo cereal vido de América.

Os termos que designan instrumentos ou obxectos fabricados polas persoas van mudando o seu significado na mesma medida en que se vai transformando ese referente Ex: coche,pluma...

- *Causas sociais*

Cando unha palabra de uso nun grupo social restrinxido (unha profesión, arte, técnica...)pasa á linguaxe común, ou á inversa, pode producirse un cambio de significación. Así o termo *arquivo* ('lugar en que se gardan documentos' ou 'conxunto deses documentos') utilízase no ámbito da informática para indicar 'compartimento, na memoria dun ordenador...

Eses cambios semánticos poden implicar dúas tendencias contrarias:

-Especialización: cando un termo de uso común pasa a unha linguaxe específica: *martelo*, na linguaxe común 'ferramenta para cravar, formada por unha peza de metal encaixada nun mango', pasa a designar:

en anatomía: un dos tres ósos pequenos do oído medio; en re- loxería: peza de ferro ou bronce que bate na campaiña para dar as horas do reloxo; en deportes: bóla de ferro que se utiliza para facer lanzamentos en atletismo; en armamento: peza do mecanismo de certas armas que golpea sobre o percutor para producir a explosión da carga; en música: chave para afinar os instrumentos de corda; etc.

-Xeneralización: cando un termo usado nunha linguaxe específica pasa á lingua común, normalmente amplía con ese paso a súa significación. Por exemplo o termo *plural*, que orixinariamente ten o significado de 'número gramatical', pasa a usarse co valor de 'con diversas opcións ou posibilidades, composta de variados elementos, múltipla' en contextos como *unha sociedade plural*

- *Causas psicoloxicas*

Hai certos conceptos que resultan socialmente desagradables ou in-

convenientes. As palabras que os designan convértense en **tabús**: a súa utilización contradí as normas sociais e deben evitarse. No seu lugar utilízase outro termo que indica o mesmo concepto pero non ten a carga negativa da palabra tabú. Ese termo substituto recibe o nome de **eufemismo**.

- *Influencia linguas estranxeiras*

Ás veces unha lingua estranxeira serve de modelo facendo que unha palabra adquira un significado que antes non posuía. Por influencia inglesa utilizamos a expresión *alta velocidade*, dándolle ao adxectivo o mesmo valor de *high* que normalmente expresamos coa palabra *grande*, ou falamos de *servizos de intelixencia*, en lugar de *servizos de información*, polo termo *intelligence*.

- *Novo nome para designar un novo obxecto ou concepto*

Con frecuencia un novo obxecto é designado cunha palabra xa existente na lingua, que deste xeito modifica o seu significado. O termo *aplicación* ten entre outros o significado xenérico de ‘acción e efecto de aplicar’ e o de ‘esfuerzo e interese con que se fai un traballo, especialmente o estudo’; recentemente no campo da informática adquire o novo valor de ‘programa ou conxunto de programas destinados a unha función determinada’.

TIPOS DE CAMBIOS SEMÁNTICOS

Calquera que sexa a causa que o provoque, para que se produza un cambio semántico ten que darse algunha asociación entre o valor primitivo e o novo. Esa asociación pode ser por **semellanza** ou por **contigüidade** e pode darse entre significantes ou entre significados. Por exemplo, o sentido de ‘órgano mediante o cal respiramos’ presente en *pulmóns* e a súa semellanza co efecto das zonas verdes nunha urbe faique sexa posíbel falar dos *pulmóns da cidade*, dándolle a esa palabra un novo significado.

- a) **A semellanza de significados provoca a transferencia do significante.** Consiste en destacar as semellanzas entre dous referentes aplicándolles a mesma palabra. É un procedemento que se usa frecuentemente como recurso retórico na linguaxe literaria e recibe o nome de **metáfora**. Nalgúns casos o uso desa metáfora chega a xeneralizarse e a palabra adquire entón o novo significado. *Ollo* adquiriu deste xeito ademais do seu valor orixinario os de 'buraco da agulla de coser', 'abertura da pechadura', 'xema das patacas', 'buraco do pan ou do queixo' etc.
- b) **A contigüidade de significados leva á transferencia do significante.** Recibe o nome de **metonimia** e tamén é de uso frecuente na linguaxe literaria. Consiste en usar unha palabra en lugar doutra de significado contiguo. A súa tipoloxía é moi variada: aplicar o significante do continente ao contido ('*tomar unha copa*'), aplicar o significante dunha parte a todo o conxunto (*paporrubio* aplícase a un paxaro pola cor do seu papo); denominar o invento co nome do inventor: *ampere*, *quinqué*, *bechamel*; etc.
- c) **A similitude dos significantes provoca o cambio dos significados.** Este fenómeno recibe o nome de **etimoloxía popular**. Consiste no cruzamento entre dúas palabras foneticamente próximas: o nome provenzal *rossinhol* orixinou na nosa lingua *reiseñor*, por proximidade coas palabras *rei* e *señor*.
- d) **A contigüidade dos significantes provoca que un deles asuma o valor dos dous.** Cando dúas palabras se usan habitualmente xuntas designando un só concepto, é frecuente que se omita unha delas asumindo a outra o valor das dúas. Este fenómeno recibe o nome de **elipse**. É un procedemento de uso habitual na fala: estuda *primeiro*, vive no *terceiro* (*curso*) É tamén frecuente nas terminoloxías específicas dun oficio, ciencia ou técnica: cando en gramática dicimos os *colectivos* ou os *relativos* sobreentendemos os *substantivos colectivos* ou os *pronomes relativos*. EX: (ordenador) *portátil*, (disco) *compacto*